

1.- II Incubadora de Sondaxes e Experimentos

O pasado martes, día 15 de maio, rematou o prazo para que os grupos inscritos na II Incubadora de Sondaxes e Experimentos enviase os seus traballos. En total estaban inscritos 38 grupos, dos que se recibiron 22 traballos (58%). Os datos por categorías son os seguintes:

- 1º e 2º de ESO: 13 inscritos, 8 traballos recibidos (62%)
- 3º e 4º de ESO: 19 inscritos, 11 traballos recibidos (58%)
- 1º e 2º de Bacharelato: 6 inscritos, 3 traballos recibidos (50%)

A principios do mes de xuño darase a coñecer o fallo do xurado.

2.- Bolsas de doutorado en investigación operativa. Australia

O grupo de optimización de NICTA xunto á Universidade de Melbourne (Australia) ofrece bolsas para estudantes interesados en realizar un doutoramento en investigación fundamental e aplicada en optimización, teoría de xogos e algoritmos.

O obxectivo é formular, analizar e resolver modelos matemáticos cun enfoque cara a diferentes áreas tales como os sistemas de enerxía intelixente (smart grid), redes de transporte e comunicacións, a administración de desastres naturais, e a loxística. O grupo está liderado polo renomeado profesor Pascal Van Hentenryck.

Requisitos: ter un título universitario nalguna área relacionada: enxeñería, ciencias matemáticas, ciencias da computación ou ciencias económicas.


Máis información: <http://imaisd.usc.es/guiaconvocatorias.asp?i=gl&s=-2-26-30&t=1&st=0>

3.- Praza de técnico senior en proceso de datos

Gfk, instituto de investigación de mercados, convoca unha praza de técnico senior en proceso de datos para a tabulación de datos, tratamento de ficheiros de datos procedentes de enquisas e realización de análises estatísticas multivariantes.

Valoraranse os estudos relacionados coa Estatística ou as Matemáticas. Tamén se valorarán os coñecementos de inglés, a experiencia en BBDD SQL e en programas estatísticos como SPSS.

Máis información: <http://www.rsme.es/content/blogcategory/52/107/>



Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida , s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>